

PAUTAS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL EN EDUCACIÓN INFANTIL



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
AUDICIÓN E LINGUAXE

EEI de Milladoiro

A linguaxe é o noso principal instrumento de comunicación, que axuda a regular o pensamento e a conduta, polo que é necesario para adquirir as habilidades propias de cada idade.

Se observades que o voso fillo/a:

- ❖ Fala pouco ou faise entender sinalando.
- ❖ Ten dificultades para facerse entender.
- ❖ Cústalle expresarse ou pronunciar.
- ❖ Ou tendes algunha outra dificultade, non dubidedes en consultar con un especialista.

Tede en conta que:

- ❖ A alimentación debe ser sólida e autónoma, e a mastigación lenta.
- ❖ O biberón, o chupete ou a succión do dedo polgar inflúen na deformación da cavidade oral.
- ❖ A inspiración debe ser nasal.
- ❖ É importante vixiar as otites de repetición.
- ❖ É preciso manter unha correcta hixiene respiratoria ensinándolles a soar os mocos.
- ❖ Os sons vanse adquirindo de forma progresiva. Son habituais nesta etapa as dificultades co “r”, palabras longas ou de uso pouco habitual.

- ❖ A actividade física é fundamental para o seu desenvolvemento, axúdalles a nivel físico e mental.

Que podo facer?

- Utilizar unha linguaxe axeitada ao nivel no que se atopa o teu fillo/a, sen usar linguaxe infantil, cada cousa debe ser denominada correctamente.
- Empregar un ton de voz normal e falar amodo.
- Fomentar que se explique verbalmente. Si sinala co dedo facédelle preguntas animándoo a expresarse oralmente.
- Ampliar e reorganizar as súas expresión dándolle o modelo correcto sen obrigarlle a repetir, berrarlle nin burlarse. Se di: “toche azul”, contestamos entoando: “Si, un coche azul moi fermoso”.
- Anticipar o que vai suceder e resolver as súas dúbidas.
- Aproveitar as rutinas diarias para conversar sobre o que está pasando: o baño, a comida, o supermercado ou as viaxes,...
- É bo que fagan por si mesmos todo aquilo do que sexan capaces. Implicádeos nas tarefas do fogar: cociña, limpeza, coidado de plantas...
- Falarlle moito e facerlle preguntas sen abafar, respondendo progresivamente a: ¿quen?, ¿onde?, ¿por que? ou ¿como?
- Darlle tempo para que responda e deixalo falar sen interromper nin rematar as frases por el.
- Se se bloquea en algún momento debemos reaccionar con tranquilidade.

- Escoitalo cando nos conte as súas cousas e dar exemplo contándolles nós o que fixemos, sentimos...
- Adicar un tempo diario a falar compartindo cancións, contar contos, rimas, adiviñas ou seguir instrucións.
- Compartir xogos con eles, como meter obxectos nunha bolsa e ao sacalos que os vaia nomeando, palabras encadeadas, “vexo, vexo”, xogar a rematar frases,...
- Fomentar o xogo simbólico: xogar aos papás, aos médicos, facer onomatopeias de animais e sons cotidianos, limitando o emprego de pantallas.
- Recordar o que fixemos durante o día.

Se aplicamos estas pautas e estratexias a diario obteremos resultados extraordinarios a longo prazo!

